

A estrutura psicosomática da personalidade

1.1. Os sentimentos, as emocións e as paixóns

Os sentimentos, as emocións e as paixóns son os tres compoñentes básicos da nosa afectividade:

- En concreto, os **sentimentos** son estados afectivos de carácter máis ben duradeiro e de moderada intensidade; por exemplo, a simpatía, o cariño, a compaixón, etc.
- En cambio, as **emocións** son estados afectivos moito máis pasaxeiros e caracterízanse por aparecer de forma máis brusca e por ser máis intensos que os sentimentos; por exemplo, a cólera, a angustia, o terror, a ansiedade, etc.
- Por último, as **paixóns** parécense ás emocións pola súa intensidade e pola súa violencia, e aos sentimentos porque son duradeiras; por exemplo, o odio, os celos, o amor, etc.

En boa parte da filosofía antiga, os afectos considéranse pesados e detestables, pois perturban o anhelado repouso e a desexable paz do espírito. Na psicoloxía actual, en cambio, estúdanse con interese e descóbrense neles boa parte das características que definen a personalidade.

Na súa *Crítica do xuízo*, Kant definiu os **sentimentos** como a experiencia subxectiva de pracer ou de dor que acompaña a certas representacións mentais.

Textualmente

«É preciso chegar a pensar que entre os desexos algúns son naturais, pero outros son vans. Entre os desexos naturais algúns son necesarios, pero outros son simplemente naturais. Entre os desexos necesarios, uns sono para alcanzar a felicidade, mentres outros son para o benestar do corpo e outros simplemente para o feito de vivir. Unha visión clara destes diferentes desexos permite elixir ou rexeitar algo en función de se contribúe ou non á saúde do corpo e á serenidade da alma, posto que son estes os dous elementos que constitúen a vida feliz na súa perfección. Axitámonos en vista dunha soa meta: afastar de nós a dor e a angustia. E imos á busca do pracer cando sentimos a súa ausencia, mentres que, se non sufrimos, non sentimos a falta do pracer. Por todo iso é polo que dicimos que o pracer é o comezo e o fin da vida feliz. Porque é o primeiro dos bens naturais e está no comezo dos nosos desexos e os nosos rexeitamentos. É o fin ao que tendemos cada vez que decidimos algo e o criterio polo que se rexe a nosa sensibilidade. E porque é o primeiro ben ao que nos leva a nosa natureza, non imos en busca de calquera pracer».

Epicuro, *Carta a Meneceo*.

- 1 Como clasifica Epicuro os desexos?
- 2 Son iguais ou algúns son preferibles? Por que?

No ano 1954, a definición de Kant recibiu unha especie de confirmación experimental cos descubrimentos, por parte de James Olds e de Brenda Milder, dos centros hipotalámicos do pracer e da dor.

A partir de tales experimentos, puideron definir os sentimentos como estados de ánimo impregnados de formas superiores de pracer ou de dor e asociados sobre todo a contidos e a valores culturais.

A diferenza dos sentimentos, as emocións e as paixóns víñéronse definindo como unha alteración do ánimo acompañada de certas connotacións somáticas.

A psicóloga Magda Arnold definiu a **emoción** como unha tendencia que se sente cara a algo intuitivamente percibido como bo ou como pracenteiro, ou contra algo intuitivamente apreciado como malo ou como doloroso. Esta atracción ou esta aversión van acompañadas por cambios fisiolóxicos orientados á aproximación ou á evitación correspondentes.

Con esta definición sublíñase que a emoción é o resultado da percepción dunha situación que leva consigo unha avaliación do que se percibe, xulgándoo beneficioso ou prexudicial. De modo que esta avaliación e os cambios fisiolóxicos que suscita constitúen unha motivación para actuar a favor ou en contra.

1.2. Os desexos e a vontade

A **vontade** é o poder de decidirse a actuar, ou ben de resistirse e inhibir a acción.

Aínda que na filosofía tradicional definiase como o apetito racional, ou sexa, o desexo sometido á racionalidade ou ao entendemento, o descubrimento do inconsciente e a súa dinámica autónoma lévanos a concluír que a vontade non sempre está necesariamente vinculada á intelixencia e ao pensamento. Así o demostran os moitos actos contrarios á intelixencia e á razón que os seres humanos cometemos voluntariamente.

Glosario

Vontade: consiste na facultade humana de decisión, de actuación ou de inhibición, ante unha acción posible. Pode vincularse á racionalidade ou á intelixencia (vontade racional), aínda que dependendo do punto de vista tamén cos desexos ou coas paixóns. De modo xeral, a vontade é unha das principais facultades humanas relativas á acción moral e política (forza de vontade, vontade xeral...). Ademais, a vontade, na súa concepción racional e dependente da intelixencia, pode ser superada por outras forzas que nos moven a actuar, como os desexos e os apetitos (debilidade da vontade).

1 A estrutura psicosomática da personalidade

Esa dificultade significa que a maioría das veces a vontade está influída polos desexos, aínda que **tampouco se pode confundir a vontade co desexo.**

Podemos querer algo que non desexemos facer, pero que sabemos que habemos de facer inevitablemente; por exemplo, comunicar unha mala noticia a un ser querido. E ao revés, podemos desexar algo, pero decidir que non paga a pena o esforzo de tratar de conseguilo; por exemplo, figurar no libro Guinness dos récords.

O **desexo** é a aspiración a un ben que nos falta: un obxecto, unha persoa, unha situación. Representa un pracer esperado, pois a súa satisfacción contribuiría a darnos algo que nos complementa. Desexamos alcanzar o que non temos para sentir unha satisfacción plena.

Esta condición humana de ser desexante nunca se satisfai completamente por dúas razóns:

- Porque non é posible conseguir todo o que se desexa.

- Porque o desexo volve suscitarse unha e outra vez, sen descanso: cando desexamos algo e o alcanzamos, desexada desexamos outra cousa, e logo outra.

Esta sede insaciable de cousas —de diñeiro, de praceres, de poder— pode condenarnos á inquietude e á infelicidade; por iso, desde moitas correntes filosóficas aconséllase moderar os desexos e cultivar a serenidade de ánimo para librarse da insatisfacción.

Na filosofía, os desexos consideráronse o expoñente da parte irracional e animal do ser humano, sobre a que **debería dominar sempre a racionalidade.**

Así, **Platón** pensa que os desexos nacen da parte concupiscible ou apetitiva da alma e, como son cegos, necesitan a guía da razón para orientalos cara ao bo.

Na **filosofía epicureísta**, os desexos concíbense como apetitos irracionais que han de moderarse mediante un cálculo dos praceres.

Textualmente

—E acaso —proseguín— o asentir e o negar, desexar algo e rexeitalo, atraelo e repelelo e todas as cousas deste teor poralas entre as que son contrarias unhas ás outras, sen distinguir se son accións e paixóns? Porque isto vén ao caso.

—Si —dixo; entre as contrarias póñoas.

—E que? —continúei. A fame e a sede e, en xeral, todos os apetitos, e o querer e o desexar, non referirás todas estas cousas ás especies que quedan mencionadas? Non dirás, por exemplo, que a alma do que apetece algo tende a aquilo que apetece, ou que atrae a si aquilo que desexa alcanzar, ou ben que, en canto quere que se lle entregue, dáse asentimento a si mesma coma se alguén o preguntase, no afán de conseguilo?

—Así o creo.

—E que? O non desexar nin querer nin apetecer non o poñerás, co rexeitar e o despedir de si mesmo, entre os contrarios daqueles outros termos?

—Como non?

—Sendo todo iso así, non admitiremos que hai unha clase especial de apetitos e que os que máis á vista están son os que chamamos sede e fame?

—Admitirémolo —dixo.

—E non é unha apetito de bebida, e a outra, de comida?

—Si.

—E acaso a sede, en canto é sede, poderá ser na alma apetito de algo máis que diso que queda dito, como, por exemplo, a sede será sede dunha bebida quente ou fría, ou de moita ou pouca bebida, ou, nunha palabra, dunha determinada clase de bebida? Ou, máis ben, cando á sede se lle agregue certa

calor, traerá esta consigo que o apetito sexa de bebida fría, e cando se engada certo frío, fará que sexa de bebida quente? E así mesmo, cando pola súa intensidade sexa grande a sede, resultará sede de moita bebida, e cando pequena, de pouca? E a sede en si non será en xeito ningún apetito doutra cousa, senón do que lle é natural, da bebida en si, como a fame o é da comida?

—Así é —dixo; cada apetito non é apetito máis que daquilo que lle convén por natureza; e cando lle apetece de tal ou cal calidade, iso depende de algo accidental que se lle agrega.

—Que non haxa, pois —engadín eu—, quen nos colla por sorpresa e nos perturbe dicindo que ninguén apetece bebida, senón boa bebida, nin comida, senón boa comida. Porque todos, en efecto, apeteecemos o bo [...].

—Non sen razón, pois —dixen—, vulgaremos que son dúas cousas diferentes unha da outra, chamando aquilo con que razoa, o racional da alma, e aquilo con que desexa e sente fame e sede e queda perturbada polos demais apetitos, o irracional e concupiscible, ben avido con certos cansazos e praceres.

—Non; é natural —dixo— que os consideremos así.

—Deixemos, pois, definidas estas dúas especies que se dan na alma.

Platón. *República*, IV, 437b, 439d-e.

1 Distingue Platón entre necesidades biolóxicas e desexos psicolóxicos? Razoa a túa resposta.

2 Cales son as notas características do racional e dos apetitos, segundo o texto?

Por isto, xa desde **Aristóteles**, adoita entenderse a ética como a loita entre os desexos e a razón, concibida como o dominio das nosas inclinacións ao ben ou ao mal en cuxa decisión ha de exercitarse a nosa liberdade.

Non obstante, hai outras formas de concibir o desexo na filosofía. Por exemplo, **Spinoza** defendeu que o desexo é a **esencia do ser humano**. Para el, o ser humano, en tanto que ser natural, posúe un impulso a perseverar no seu ser que, cando se volve consciente, convértese en desexo. Esta consciencia non se produciría noutros seres vivos.

Tamén **Nietzsche** considera que os desexos non se definen tanto por unha carencia que o suxeito necesita encher como por unha potencia que cada persoa ten a capacidade de desenvolver.

Así pois, para Nietzsche, os desexos non deberían ser reprimidos, senón sublimados e transformados para **incrementar as posibilidades vitais**.

1.3. As facultades cognitivas

Unha das características que distingue os seres humanos e os define como tales é a facultade de pensar, que lles permite preguntarse quen son e cuestionarse a súa natureza e a súa identidade.

Nesta capacidade de pensar diferéncianse dos demais animais, que están sometidos cegamente ás determinacións e ás necesidades da súa natureza.

En cambio, o ser humano **pode volver a súa atención sobre si** para pensar. Non lle abonda con satisfacer as súas necesidades biolóxicas, senón que necesita saber que vai facer coa súa vida, que metas vai perseguir nela, que sentido lle vai dar.

As facultades cognitivas dos seres humanos son a percepción, a abstracción, a conceptualización e a intelixencia.

A percepción

A **percepción** é o proceso polo que, a través dos sentidos, captamos os estímulos que nos afectan como significando algo. É dicir, percibir é dar un sentido ao que é só enerxía física.

Como resultado das súas investigacións no ámbito da psicoloxía, desde a **Escola da Gestalt** sublíñase o carácter **orixinalmente organizado da percepción**; ou sexa, deféndese que a percepción ten lugar como captación de **conxuntos de sensacións organizadas figurativamente**.

Na psicoloxía gestaltista chéganse a formular, mesmo, leis que explican os mecanismos de estruturación dos estímulos no acto de percibir.

Na **psicoloxía asociacionista ou xenetista**, en cambio, ocupáronse, sobre todo, de descubrir como se orixina a percepción. Dende este punto de vista, a percepción é o resultado dunha **combinación de sensacións captadas por separado e organizadas polo cerebro**.

É dicir, ao contrario da psicoloxía da Gestalt, na psicoloxía asociacionista considérase que os sentidos transmiten primeiro ao cerebro un conxunto de sensacións illadas, que logo o cerebro asocia en conxuntos ou totalidades, dando lugar á percepción dos fenómenos.

Investigacións experimentais recentes permiten reunificar ambas as dúas posturas, no sentido de que o que aparece en forma de figuras organizadas elaborouse mediante unha composición asociativa de sensacións simples no cerebro.

Textualmente

«Do mesmo modo que se producen en nós as ideas das calidades orixinarias, podemos pensar que se producen as das calidades secundarias, é dicir, pola actuación de partículas insensibles sobre os nosos sentidos. Porque resulta claro que existen, e en gran cantidade, corpos tan pequenos que non podemos descubrir polos nosos sentidos nin o seu volume, nin a súa forma, nin o seu movemento, como evidentemente acontece coas partículas do aire e da auga, e con outras moitísimo máis pequenas que estas. Quizais tan pequenas con respecto ás partículas do aire e da auga como o son estas con respecto a un chícharo ou a un graniño. Supoñamos, pois, que os diferentes movementos e formas, volume e número das devanditas partículas provocan en nós, cando afectan os diversos órganos dos nosos sentidos, esas percepcións diferentes que nos producen as cores e olores dos corpos: que unha violeta, por exemplo, polo impulso destas partículas insensibles de materia, de forma e volume

particulares, nos diferentes graos e variacións dos seus movementos, faga que as ideas da cor azul e do aroma suave desa flor se produzan na nosa mente; pois non é moito máis imposible crer que Deus unise semellantes ideas a movementos cos que non gardan ningunha similitude, que o é pensar que unise a idea de dor ao movemento dun anaco de aceiro que resga a nosa carne, movemento respecto ao que esa idea de dor non ten ningunha similitude».

J. Locke, *Ensaio sobre o entendemento humano*, II, cap. VIII, § 13.

- 1 En que se distinguen as «calidades orixinarias» e as «calidades secundarias» dos corpos, e cales son o obxecto da percepción?
- 2 De que xeito intervén, segundo Locke, a acción de Deus no mecanismo da percepción?

① A estrutura psicossomática da personalidade

A abstracción

A **abstracción** é a operación do entendemento pola que se para, das percepcións sensoriais, unha característica esencial ou concreta.

Esta característica que é extraída mediante a abstracción non existe, en realidade, independentemente da totalidade perceptiva da cal foi separada; non obstante, o entendemento elíxese como representativa da natureza dun obxecto ou daquilo que de común teñen entre si varios obxectos.

Usualmente, adóitanse contraponer os feitos concretos ás ideas abstractas. Concretos son os obxectos ou os feitos percibidos, como unha cor, un olor, unha forma ou unha sensación táctil...

En cambio, a abstracción remite a algo xeral, unha idea ou un concepto elaborados pola razón. Por exemplo, o concepto de «froiता» non ten olor, nin forma, nin cor, porque é só unha idea que nos permite unificar con ela un gran número de obxectos concretos.

Para comunicarnos e para comprendernos, os seres humanos necesitamos nomes comúns, conceptos abstractos, como, por exemplo, «mesa», «froiता», «ser humano», «amor», «verdade».

Estes nomes son categorías universais mediante as que, ao remitir-lles feitos ou percepcións particulares, definímolos e dicimos o que entendemos que son.

O resultado da abstracción, é dicir, o abstraído ou o abstracto, é o concepto ou a idea en sentido tradicional; pola súa banda, aquilo de onde se abstrae é o obxecto ou os obxectos percibidos por medio dos sentidos. Polo tanto, a abstracción constitúe o eixe mesmo da formación dos conceptos.

Glosario

Intelixencia: pódese definir como o conxunto das capacidades superiores do ser humano que lle permiten resolver problemas e adaptarse ao medio no que se encontra. Aínda que se adoita utilizar nun sentido xeral, na psicoloxía actual distínguironse diversos tipos de intelixencia (espacial, xeométrica, individual, social, lingüística, musical, corporal, naturalista...). Unha das teorías máis suxestivas ao respecto é a da intelixencia emocional, concepto divulgado polo psicólogo Daniel Goleman. Outros psicólogos, como, por exemplo, Jean Piaget, estudaron o desenvolvemento evolutivo da intelixencia durante as diversas etapas polas que pasa o individuo ao longo da súa vida, desde a nenez ata que alcanza a vida adulta.

A conceptualización

Os conceptos son, pois, as ideas abstractas, aínda que, en realidade, un **concepto** pode ser calquera signo ou calquera procedemento semántico que faga posibles a descrición e a clasificación dos obxectos.

Platón converteu os conceptos en entidades metafísicas existentes nouro nivel de realidade como formas modélicas que imitan as cousas, e chamounas «ideas».

Na actualidade considérase que un concepto é simplemente un signo dos obxectos, unha referencia semántica a un conxunto de notas comúns ás realidades significadas nel. Por esa razón, a filosofía da linguaxe reconverte a teoría do concepto na noción de significado.

A intelixencia



Na actualidade, considérase o entendemento como a capacidade de pensar mediante a posta en acción desas dúas operacións que acabamos de describir: a abstracción e a conceptualización.

A diferenza do entendemento, compréndese a intelixencia nun sentido máis psicolóxico. Así, en psicoloxía defínese a **intelixencia** como o conxunto de capacidades ou de aptitudes de tipo superior coas que o ser humano **se adapta ao seu medio**.

O psicólogo Jean Piaget defínea como a forma superior de adaptación do organismo ao medio a través do pensamento, da abstracción, da aprendizaxe, da simbolización, da comprensión ou da capacidade de relacionar datos.

Dun modo máis xenérico, tamén se adoita definir a intelixencia como a **capacidade de resolver problemas**, o cal supón o recurso ao concepto e á capacidade de razoamento, sexa indutivo ou dedutivo.

Actividades

- 1  Distingue entre as emocións, os sentimentos e as paixóns, e pon un exemplo de cada un destes estados afectivos.
- 2  Son distintas as necesidades dos desexos? Razona a túa resposta.
- 3 Compara as concepcións da percepción que propoñen a Escola da Gestalt e a psicoloxía asociacionista.
- 4 Que diferenzas podes sinalar entre o proceso de abstracción e o proceso de conceptualización?
- 5 Como se define a intelixencia e en que se diferencia do entendemento?

Os impulsos e o inconsciente

2.1. Conciencia e inconsciente

A conciencia

A palabra «conciencia» é a tradución da expresión latina *cum scientia* ('con ciencia') e alude á facultade de alguén que, mentres ve algo ou fai algo, sabe o que está a facer, decátase diso. Por exemplo, teño conciencia de que agora é de día, de que estou en clase, de que estou a aprender algo...

A **conciencia** é o lugar no que se expresa o eu, o espazo da súa reflexión deliberada, da súa autoconciencia e da súa liberdade.

Ademais, o eu tamén é a orixe da acción, e ao que se lle atribúe a responsabilidade do que se fai. Neste sentido, a palabra «conciencia» alude a esa instancia que desde o profundo do noso ser nos di o que está ben e o que está mal. Ou sexa, a conciencia é o que **fai do individuo un suxeito moral**.

O inconsciente

Inconsciente é todo o que escapa á conciencia. Por exemplo, as nosas reaccións automáticas de tipo reflexo, o funcionamento fisiolóxico dos nosos sistemas corporais e dos nosos órganos (o corazón, o estómago, etc.). Alguén é inconsciente tamén cando se dorme ou cando non mide as consecuencias dos seus actos.

En xeral, díse que son inconscientes aqueles estados nos que **un individuo non é dono de si mesmo**.

En todos estes sentidos, o inconsciente establece o límite do noso autoconhecimento e do noso autocontrol.

Sigmund Freud, o gran psiquiatra vienés que viviu entre os séculos XIX e XX e que inventou a psicanálise, afirmou en relación co inconsciente que non abunda con aumentar o noso coñecemento e o noso saber para facer retroceder nas nosas vidas o inconsciente e que reine en todo a conciencia.

O noso inconsciente ten **un funcionamento autónomo que nunca chega a facerse consciente**, pero que está a influír sempre no noso comportamento sen que nos decatemos diso.

Debido a ese carácter autónomo, este influxo das forzas inconscientes, do mesmo modo que o dominio das paixóns e a influencia dos condicionamentos educativos e culturais, limita a autonomía e a responsabilidade dos individuos.

É, pois, un problema filosófico —e tamén social e xurídico— de grande importancia determinar ata que punto un individuo é dono dos seus pensamentos e das súas accións; ou sexa, establecer en que medida calquera individuo é libre e, polo tanto, responsable das súas accións.

A noción de inconsciente empezou xa a adquirir relevancia na psicoloxía no século XIX a partir dos estudos que se levaron a cabo sobre os albores da sensación, que mostraron que unha gran parte da vida psíquica é de natureza inconsciente.

Tamén Hermann von Helmholtz, un médico e físico alemán, desenvolveu a súa doutrina da **inferencia inconsciente**, segundo a cal as percepcións proceden de inferencias baseadas nos datos que poden subministrar os sentidos, sen necesidade de intervención da conciencia.


Despois de Freud, o máis importante dos seus discípulos, Carl Gustav Jung, intentou estender a noción de inconsciente e falou da existencia dun **inconsciente colectivo**, que xeneralizaba a concepción freudiana do *iso*, a instancia inconsciente da personalidade humana, e abríase a unha interpretación de índole máis culturalista.

Máis recentemente, Jacques Lacan, psicanalista francés, proseguíu a psicanálise freudiana, pero reformulou a noción de inconsciente, que, segundo el, **está estruturado como unha linguaxe**, cuxos significantes constitúen o suxeito.

Glosario

Inconsciente: instancia da mente humana que escapa ao control do individuo. Está formado polos impulsos, os desexos, as crenzas..., que non recoñecemos como nosos e que condicionan a nosa conduta e a nosa forma de pensar conscientes. Para Freud, o inconsciente preme sobre a nosa conciencia e irrompe nos momentos nos que os límites da nosa conciencia moral (formada tamén polo *supereu*) están máis relaxados, como, por exemplo, nos sonhos ou nos *lapsus linguae*.

A filosofía en persoa



Sigmund Freud (1856-1939) foi o psiquiatra e pensador austríaco fundador da psicanálise. Achega a idea de que o ser humano non é dono da súa propia vida consciente, senón que gran parte das súas motivacións son inconscientes. Á conciencia subxacen dous tipos de impulsos: *eros* (busca do pracer) e *tánatos* (instinto de destruír e de morte).

2 Os impulsos e o inconsciente

2.2. Os impulsos: o principio do pracer e o principio de realidade

Freud definiu o **inconsciente** como o ámbito dos impulsos psicofísicos primarios, ligados á natureza corporal do ser humano, e que son, basicamente, os impulsos de autoconservación e os impulsos sexuais. Son, polo tanto, as forzas que traducen as esixencias biolóxicas do corpo no psiquismo e na súa actividade.

A palabra «inconsciente» designa, pois, esa actividade psíquica excluída da conciencia por forzas que lle pechan o paso e que **é moito máis básica, máis profunda que a actividade consciente.**

Por iso, con respecto ao inconsciente, a conciencia é a superficie do mar de fondo do inconsciente. Os seus procesos e o seu dinamismo só se comprenden á luz das relacións dos actos psíquicos cos impulsos e coas súas metas.

Estes impulsos caracterízanse porque buscan sempre a súa satisfacción, e só a alcanzan se se suprime o estado de excitación da esixencia biolóxica da que xermolan.

Freud di, por iso, que os impulsos só se rexen polo **principio do pracer**, ou sexa, pola esixencia de satisfacción incondicional e inmediata da súa necesidade, sen respectar a orde lóxica nin ningunha limitación procedente da realidade, da sociedade nin da conciencia.

A sociedade ten que ser necesariamente represiva dos impulsos inconscientes, limitando o principio do pracer, pois a vida en sociedade esixe de cada individuo o sacrificio dos seus impulsos irracionais e do seu egoísmo con vistas ao traballo e á colaboración de todos os seus membros para resolver as necesidades comúns.

Textualmente

«Xamais unha pulsión pode chegar a ser obxecto de coñecemento. Só pode selo a representación que a presenta. Nin sequera pode presentarse no inconsciente senón mediante a representación. Se non se enlázase a unha representación, a pulsión non podería manifestárenos en forma de estado afectivo, nin poderíamos saber nada dela. [...] Kant ensinounos a non considerar a nosa percepción idéntica ao percibido incognoscible. Igualmente, a psicanálise ensínanos a non confundir a percepción efectuada pola conciencia co proceso psíquico inconsciente, obxecto desta.»

S. Freud, *Introdución á psicanálise*, II.

- 1 Se os impulsos inconscientes son incognoscibles, de que modo pode estudalos a psicanálise?
- 2 Que relación sinala Freud entre a teoría do coñecemento de Kant e a súa teoría dos impulsos?

Fronte á presión continua do principio do pracer, o **principio de realidade**, imposto pola sociedade, expresa a dirección dunha tarefa esencial para todo ser humano: a de renunciar a este círculo continuo de desexo e satisfacción (real ou imaxinaria) que non se produce sen dor, aflición e malestar para os individuos.

Os fenómenos da sexualidade infantil e a súa importancia na configuración da personalidade, e os resultados da análise dos síntomas neuróticos, dos sonhos..., nun primeiro momento, fixeron considerar a Freud que os impulsos sexuais (a libido) formaban un grupo separado, distinguindo dous tipos de enerxía para explicar os conflitos neuróticos: a libido ou enerxía sexual e os instintos do eu ou censura.

Non obstante, nunha segunda etapa, Freud **agrupou xunto coa libido os impulsos de conservación**, que máis que opoñerse entre si parecían funcionar conxuntamente como aspectos dun instinto **vital total**, ao que chamou **eros**.

Pola contra, Freud chamou **tánatos** aos **impulsos de morte** como un grupo de instintos de signo oposto aos impulsos de vida ou eros.

Textualmente

«No curso desta investigación impúxosenos algunha vez a intuición de que a cultura sería un proceso particular que se desenvolve sobre a humanidade, e aínda agora subxúganos esta idea. Engadiremos que se trata dun proceso posto ao servizo de *Eros*, destinado a condensar nunha unidade vasta, na humanidade, os individuos illados, logo ás familias, as tribos, os pobos e as nacións. Non sabemos por que é preciso que sexa así: aceptamos que é, simplemente, a obra de *Eros*. Estas masas humanas han de ser vinculadas libidinalmente, pois nin a necesidade por si mesma nin as vantaxes da comunidade de traballo abondarían para mantelas unidas. Pero o natural instinto humano de agresión, a hostilidade de un contra todos e de todos contra un, opoñese a este designio da cultura. O devandito instinto de agresión é o descendente e principal representante do instinto de morte, que achamos xunto ao *Eros* e que con el comparte a dominación do mundo. Agora, creo, o sentido da evolución cultural xa non nos resulta impenetrable; por forza debe presentarnos a loita entre *Eros* e morte, instinto de vida e instinto de destrución, tal como se leva a cabo na especie humana.»

S. Freud, *O malestar na cultura*.

- 1 Redacta un texto no que mostres o teu acordo ou o teu desacordo coa explicación que Freud ofrece da agresividade.
- 2 Que ten que ver a cultura cos impulsos do inconsciente?

2.3. O iso, o supereu e o eu

Freud propuxo unha determinada explicación do conflito permanente que existe en todo individuo entre a súa conciencia e o seu inconsciente. Segundo esta explicación, o conflito ten lugar entre as tres instancias nas que se estrutura a nosa personalidade.

O iso

O iso é o inconsciente como ámbito dos impulsos primarios, sexuais (*eros*) e agresivos (*tánatos*), que buscan a satisfacción inmediata e incondicional.

Posto que a realidade non fai posible case nunca esta satisfacción, eses impulsos producen fantasías, soños ou comportamentos neuróticos, a través dos que se consegue unha satisfacción de tipo substitutorio.

Glosario

iso: un dos elementos constitutivos da nosa personalidade. Concretamente, o iso corresponde ao inconsciente, aos impulsos do *eros* (instinto vital e de conservación, o desexo sexual, ou libido) e os impulsos de *tánatos* (impulsos de agresividade e de morte). Os impulsos do iso buscan a satisfacción e a realización, oprimindo á conciencia para conseguilo. En caso de non o alcanzar, poden provocar obsesións, neurose e outras alteracións psíquicas. Manifestanse nos soños, os chistes...

Textualmente

«No iso non hai nada que corresponda á representación do tempo, nin indicio ningún do proceso temporal e, cousa sorprendente e que exige un estudo desde o punto de vista filosófico, tampouco hai modificación do proceso psíquico debida á marcha do tempo. Os desexos que xamais saíron do iso, e as impresións sumidas nel a causa da represión, son virtualmente inmortais e encóntranse tal como estaban ao cabo de longos anos. Unicamente o traballo analítico permite, facéndoos conscientes, situalos no pasado e despoxalos da súa atribución enerxética. Niso consiste sustancialmente boa parte do efecto terapéutico da psicanálise. Insisto en afirmar que non puxemos aínda bastante de relevo ese feito indiscutible da inmutabilidade do reprimido ao longo do tempo. E é aí onde parece ofrecérenos unha vía de penetración cara ao coñecemento das maiores profundidades.»

S. Freud, *Introdución á psicanálise*, II.

- 1 Que é a «inmutabilidade do reprimido»?
- 2 Que efecto terapéutico ten a psicanálise?

O supereu

A segunda instancia da nosa personalidade é o **supereu**, que é o conxunto de normas e de prescricións sociais e morais que interiorizamos durante a infancia no proceso da nosa educación, e que son, polo tanto, tamén en parte inconscientes.

O *supereu* é, pois, **a instancia moral que preme sobre o eu esixíndolle o control dos impulsos do iso e o cumprimento das obrigas e das prohibicións sociais interiorizadas**. A autoridade moral non está, pois, só fóra das persoas, senón tamén dentro como forza de contención e de represión.

Glosario

Supereu: esta instancia da personalidade consiste no conxunto de normas, de valores e de prescricións sociais e morais que o individuo asumiu como propias durante a infancia e en todo o proceso de educación e de socialización. Este *supereu* é, en boa medida, inconsciente, en tanto que o suxeito pode pensar que esas normas e eses valores son seus e non unha imposición externa da sociedade que el asumiu como propia. A súa función é impoñer restricións ao iso, reprimindo e controlando as súas manifestacións.

Textualmente

«O supereu do neno non se forma, en realidade, conforme ao modelo dos pais, senón conforme ao modelo do supereu destes; recibe o mesmo contido, pasando a ser representante da tradición, de todos os xuízos de valor que desta forma subsisten a través das xeracións. [...] Pero é a autoridade parenteral, especialmente a do todopoderoso pai co seu ameazante poder punitivo, a que induce o neno ás renuncias aos instintos, a que establece que lle está permitido e que vedado. O que no neno se chama “bo” ou “malo” chamarase máis tarde, unha vez que a sociedade e o supereu ocupen o lugar dos pais, o ben ou o mal, virtude ou pecado; pero non por iso deixará de ser o que antes era: renuncia aos instintos baixo a presión da autoridade que substitúe o pai e que o continúa.»

S. Freud, *Moisés e a relixión monoesteista*.

- 1 Explica a relación que establece Freud neste texto entre o comportamento moral e a renuncia a satisfacer os instintos.
- 2 Na comprensión freudiana da personalidade, o supereu é unha forza consciente ou inconsciente?

2 Os impulsos e o inconsciente

O eu

O eu é só unha pequena parte do psiquismo do individuo. É a conciencia e represéntase como a parte flotante dun iceberg, que oculta o seu enorme volume baixo a auga. En todo caso, o **eu** é o escenario dunha loita continua en tres fronteiras: o iso, o supereu e as esixencias da realidade.

Esta loita entre as tres instancias da nosa personalidade iníciase o principio do pracer, que rexe os impulsos inconscientes, cuxo cego desexo de satisfacción choca coas prohibicións morais do supereu e co principio de realidade, que obrigan ao eu a reflexionar sobre as negativas consecuencias previsibles que se derivarían tanto da satisfacción como da non satisfacción dos impulsos primarios.


Entón, a función do eu neste conflito é activar o xuízo e a decisión voluntaria para actuar como **árbitro consciente e racional** nesta loita.

Cando o eu non é capaz de cumprir esa tarefa e o conflito non se resolve por medio da acción da conciencia, entón intervéñen a **represión** para afundir o problema no inconsciente, producindo malestar e neurose.

En resumo, o individuo humano, que ha de vivir necesariamente en sociedade, sente en todo momento a ameaza de que afloren na súa vida consciente as forzas e os desexos reprimidos do seu inconsciente, especialmente os seus impulsos sexuais e agresivos.

Para actuar nesta situación, o eu ten de fortalecerse ampliando a súa formación e a súa cultura. Freud resúmeo así: «O principal obxecto da psicanálise é ampliar e reforzar o ámbito do eu á custa do iso e do supereu».

Actividades

- 1 A hipótese freudiana do inconsciente equivale ás explicacións neurolóxicas e bioquímicas acerca dos procesos orgánicos que funcionan no noso corpo automaticamente? Que diferenzas ves entre ambas as dúas propostas?
- 2  O descubrimento do inconsciente no ser humano condénao ao descoñecemento de si mesmo? Argumenta a túa resposta.
- 3 De igual modo que, segundo se afirma desde a psicanálise, existe un inconsciente psicolóxico individual, cres que existe un inconsciente sociolóxico colectivo? De que estaría composta esta instancia supraindividual?
- 4 Explica a relación entre as tres instancias do psiquismo humano que distingue Freud: o iso, o supereu e o eu.

Glosario

Eu: parte consciente do psiquismo do individuo. Resulta dunha loita entre o *iso*, que trata de satisfacer os seus impulsos, o *supereu*, que intenta limitar a expresión deses impulsos, e a realidade, que impón as súas limitacións á vontade do suxeito. A función do é vulgar, valorar e decidir nestes conflitos. Se non son resoltos, o problema é reprimido no inconsciente e pode xerar angustia e neurose.

Textualmente

«No referente á cultura, a tendencia da sociedade a limitar a vida sexual é non menos evidente que o seu impulso a ampliar a súa propia influencia. A cultura debe subtraer á sexualidade unha gran cantidade de enerxía psíquica que necesita para si mesma. A este respecto, a sociedade compórtase fronte á sexualidade como un poder que quixera dominar os individuos para explotalos. O temor á rebelión do que foi reprimido invita a serias medidas de precaución. A nosa cultura europea occidental chegou ao máximo neste sentido. Empeza prohibindo calquera manifestación de vida sexual nos nenos porque entende que non é posible frear a paixón sexual dos adultos se non se comeza pola infancia».

S. Freud, *O malestar na cultura*.

- 1 A que se debe o enfrontamento que Freud sinala neste texto entre sexualidade e cultura?
- 2 Cres que a represión é a solución a este enfrontamento? Que outras alternativas se che ocorren?
- 3 Estás de acordo en que os problemas de axuste entre sexualidade e cultura orixinan moitos desequilibrios psíquicos? Poderías poñer algún exemplo?



A cultura reprime os impulsos para favorecer a sociedade (Cornelis de Wael, *Abordaxe*, Museo do Prado, Madrid).

A sexualidade: home e muller

3.1. O biolóxico, o cultural e o existencial

A **sexualidade** é o conxunto dos fenómenos fisiolóxicos e psíquicos ligados ao exercicio das funcións sexuais. Este exercicio ten as súas bases biolóxicas nas distintas funcións que cumpren homes e mulleres no proceso da reprodución humana.

Para Freud, a sexualidade é a forma principal do **impulso de vida ou eros**, que comeza cando o individuo nace e que se vai manifestando de formas diversas ao longo das distintas fases do seu desenvolvemento evolutivo.

Nas primeiras etapas do seu desenvolvemento, o exercicio da sexualidade non está ligado aos órganos xenitais, senón á excitación doutras zonas eróxicas. Esta diferenza dá pé para distinguir entre o xenital e o sexual, que abrangue moitos máis aspectos que os relativos á xenitalidade.

Na psicoloxía experimental contemporánea, o sexo estúdase como **un dos motivos fisiolóxicos da conduta**, tanto da animal coma da humana. A súa base fisiolóxica atribúese a un superávit de hormonas masculinas e femininas, responsable dun determinado desequilibrio interior que se restaura mediante un acto sexual que serve de alivio á presión dunha excitación excesiva.

No caso específico do ser humano, na sexualidade entran en xogo importantes **factores culturais que modulan de moitas maneiras a conduta sexual** nas súas manifestacións, podendo chegar a producir esta influencia mesmo o fenómeno da castidade.

Así pois, na motivación sexual humana non só interveñen os sentidos, o hipotálamo e os estados hormonais do organismo, en coincidencia coa presenza do estímulo erótico.

Xunto a eses condicionantes, no caso do ser humano tamén envolven o proceso de atracción sexual e os comportamentos que esta atracción desencadea procesos imaxinativos, afectivos e cognoscitivos superiores, cos seus contidos e cos seus valores culturais.

Glosario

Xénero (sexualidade): o xénero sexual consiste na construción cultural, social e psíquica das características, das expectativas, dos roles..., que un individuo masculino ou feminino desenvolve nunha sociedade. Bioloxicamente, existen dous sexos (masculino e feminino), pero a forma de entender nunha cultura os roles desta diferenza é unha construción histórica; nisto consiste o xénero. En definitiva, o xénero é o rol, os atributos e os comportamentos que os individuos dun sexo determinado asumen nunha sociedade.

O impulso sexual, polo tanto, e os comportamentos determinados por el configúranse de xeito moi decisivo polo **influxo dos costumes e das normas da cultura na que os individuos se socializaron**.

No século xx, o filósofo Jean-Paul Sartre estudou a sexualidade como unha estrutura fundamental da existencia humana e un ámbito esencial para a súa expresión e para a súa realización.

Segundo o concibe Sartre, o atractivo que esperta nas persoas un corpo alleo que as seduce non só se debe a que está estruturado de forma distinta do noso e a que o percibimos como o noso complemento biolóxico.

Ademais, segundo Sartre, a devandita atracción preséntanos como un reto, como un desafío que nos impulsa a saír do noso interior para realizarnos con outra persoa na complementariedade do amor.

Textualmente

«Propoño neste libro a noción dunha sublimación non represiva: os impulsos sexuais, sen perder a súa enerxía erótica, transcenden o seu obxecto inmediato e erotizan as relacións normalmente non eróticas e antieróticas entre os individuos e entre eles e o seu medio. Nun sentido oposto, un pode falar dunha desublimación represiva; liberación da sexualidade en modos e formas que reducen e debilitan a enerxía erótica. Tamén neste proceso, a sexualidade esténdese sobre dimensións e relacións antigamente prohibidas. Non obstante, en lugar de recrear estas dimensións e relacións de acordo coa imaxe do principio do pracer, a tendencia oposta afirmase: o principio da realidade estende o seu abrazo sobre *Eros*. A máis clara ilustración deste feito proporcionanola a metódica introdución da sexualidade nos negocios, a política, a propaganda, etc. O grao en que a sexualidade alcanza un definitivo valor nas vendas ou chega a ser un signo de prestixio e de que se respectan as regras do xogo determina a súa transformación nun instrumento da cohesión social. O acento neste terreo familiar pode determinar a profundidade do abismo que separa inclusive as meras posibilidades de liberación do estado de cousas establecido».

H. Marcuse, *Psicanálise e política*.

- 1 Que distinción establece Marcuse entre o que denomina «sublimación non represiva» e o que chama «desublimación represiva»?
- 2 Que exemplos poderías poñer da situación que Marcuse denuncia neste texto como unha metódica introdución da sexualidade nos negocios, na política e na propaganda?

3 A sexualidade: home e muller

3.2. Masculino-feminino

A importancia que ten a influencia do cultural na sexualidade pódese apreciar, por exemplo, na comparación da valoración premoderna da muller con respecto á que se empeza a estender na época actual na nosa sociedade.

Ao longo de case toda a historia, as mulleres viviron vidas diferentes das que levaban os homes. A cotío reclusas en lugares propios e desempeñando roles ben definidos, cun acceso moito máis limitado que os homes á educación, á política, á riqueza, aos dereitos de cidadanía; nunha palabra, á liberdade. As mulleres sufriron **discriminación por razón de sexo**.

Esta discriminación que se exercía sobre a muller tratábase de xustificar en diferentes épocas históricas argumentando que as mulleres eran fisioloxicamente máis débiles e inferiores aos homes, tanto corporal como intelectualmente.

Pensábase que as mulleres eran seres demasiado dominados polos aspectos emocionais e pasionais, e menos pola capacidade racional; considerábase que estaban máis próximas á natureza que á cultura.

Así se xustificaban o seu status social diferente e a súa obriga de vivir subordinadas aos homes.

Por outra parte, sempre se considerou o home o prototipo do ser humano. E se o home é o modelo ou o ideal da persoa, entón aquelas características nas que a muller difire do home considéranse como unha carencia, como un defecto e como unha limitación.

Esta consideración do home como o tipo humano ideal coloca irremisiblemente a muller nunha posición subordinada con respecto ao home e fai evidente a necesidade de impulsar un cambio cara á liberdade da muller que inevitablemente ha de pasar polo **cuestionamento destas xustificacións e dese ideal masculino e patriarcal do ser humano**.

Na actualidade, os movementos feministas, tras unha longa loita, conseguiron que se admita amplamente por parte da opinión pública que eses antigos argumentos de que a muller ten menos capacidade racional que o home, de que está máis dominada polas paixóns e polos sentimentos, e de que está máis próxima á natureza que á cultura non eran máis que o pretexto para xustificar que se obrigara a muller a deixarse dominar polo home, a obedecelo e a someterse a el.

Hoxe en día, considérase unha cuestión de xustiza que os homes e as mulleres teñan as mesmas oportunidades e os mesmos dereitos na sociedade, sen que se acepte que poida producirse **ningún tipo de discriminación**.

Esta equiparación de oportunidades e de dereitos co home debe transformar, en consecuencia, moitos aspectos da imaxe tradicional da muller que aínda perviven en boa medida na nosa sociedade.

Por exemplo, un dos ámbitos nos que é máis evidente esta necesidade de cambio é a familia, na que se concibe a muller como a figura que ten a obriga, en exclusiva, de ocuparse das tarefas da casa e do coidado da descendencia.

Textualmente

«Todo este material permítenos afirmar que moitos trazos da personalidade que chamamos masculinos ou femininos, se non todos, van tan pouco ligados ao sexo como o vestido, os ademáns e a forma de peitearse que unha sociedade, nunha época determinada, asigna a cada sexo. Ao estudar a conduta dun home ou unha muller tipicamente arapesh en contraste coa conduta dun home ou unha muller tipicamente mundugumor, imponse avasalladamente a evidencia da forza que teñen os condicionantes sociais. Non ten outra explicación que os nenos arapesh se desenvolvan case con completa uniformidade como persoas satisfeitas, pasivas e seguras de si mesmas, mentres que os nenos mundugumor caracterízanse como persoas violentas, agresivas e inseguras. Só podemos basear a formación destes tipos tan opostos no impacto de toda unha cultura integrada no neno en proceso de crecemento. Para explicalo non poden aducirse razóns de raza, dieta ou selección. Vémonos obrigados a concluír que a natureza humana resulta case incrivelmente malea-

ble, respondendo puntualmente e de maneiras opostas a condicionamentos culturais tamén opostos. As diferenzas entre individuos membros de diferentes culturas, ao igual que as diferenzas entre individuos dunha mesma cultura, deben atribuírse case por enteiro a diferenzas de condicionamentos, especialmente durante a primeira nenez, e á forma como estes condicionamentos son determinados culturalmente. As diferenzas estandarizadas de personalidade entre os sexos son da mesma orde, é dicir, creacións culturais ás que se adapta cada xeración de homes e mulleres».

M. Mead, *Sexo e temperamento en tres sociedades primitivas*, cap. XVII.

- 1 Por que os primeiros anos da infancia son considerados por Margaret Mead determinantes na formación dos papeis masculino e feminino?
- 2 «A natureza humana resulta case incrivelmente maleable». Que exemplos poderías poñer diso?

3.3. Filosofía e estudos de xénero

A superación da tradicional discriminación que sufríu a muller e a comprensión das diferenzas sexuais entre home e muller como complementariedade conduciron á promoción de cambios nas ordes social, política e económica en favor da igualdade. Por iso veñen loitando, desde hai máis de dous séculos, os movementos feministas.

A filosofía intenta contribuír a lograr este obxectivo de recoñecemento e de realización práctica da igualdade mediante a crítica e a revisión dos argumentos cos que se tratou de xustificar ese estado de asimetría inaceptable.

Neste sentido, para garantir o exercicio dunha verdadeira liberdade ás mulleres, filósofas actuais consideran necesario reformular as categorías centrais das distintas disciplinas científicas (psicoloxía, socioloxía, política, filosofía, dereito...) e os métodos cos que se produce o pensamento. Para lograr esta meta, realízanse, en xeral, os chamados «estudos de xénero».

A idea que se defende nos estudos de xénero é que se tradicionalmente as mulleres eran educadas fomentando nelas o sentimentalismo e o servilismo, agora deben ser educadas para incentivar nelas o **cultivo da razón e o desenvolvemento das mesmas capacidades que se promoven nos homes**.

Este cambio de perspectiva poñerá as mulleres en disposición de participar, como os homes, na vida pública e de manter, así, relacións de igualdade.

Polo tanto, non abonda só con reclamar os mesmos dereitos, senón que tamén é preciso lograr que tanto os homes coma as mulleres teñan igual poder para establecer as normas e os dereitos. De aí a reivindicación de que as mulleres teñan presenza en igualdade de condicións cos homes nos postos de alta responsabilidade na política, nas institucións ou nas empresas.

A filosofía en persoe



Simone de Beauvoir (1908-1986) foi unha escritora, profesora e filósofa francesa defensora dos dereitos humanos e da causa feminista. Escribiu novelas, ensaios, biografías e libros monográficos sobre temas políticos, sociais e filosóficos. O seu pensamento enmárcase no existencialismo, no que tamén se integraba a súa parella, o filósofo Jean-Paul Sartre.

Destacadas intelectuais do pasado século, como Simone de Beauvoir ou Virginia Woolf, por exemplo, impulsaron o recoñecemento das mulleres nos ámbitos filosófico e ético.

A razón moderna debe recoñecer tanto as inxustizas que sufriron e que aínda sofren as mulleres coma os erros cometidos na filosofía para xustificalas.

Por iso é necesaria unha autoanálise crítica desa mesma razón para clarificar por que obedece a un tipo de funcionamento patriarcal.

O obxectivo desta autoanálise non é, non obstante, abolir a diferenza propiamente sexual, de modo que nada distinga xa o home da muller; máis ben, hase de construír outro **modelo ideal de ser humano** que supere o tradicional e que sexa de tal natureza que poida aplicarse a todos os seres humanos, coas súas diferenzas sexuais, raciais ou culturais.

Textualmente

Non «se nace muller: chégase a selo. Ningún destino biolóxico, psíquico ou económico define a figura que reviste no seo da sociedade a femia humana; é o conxunto da civilización o que elabora ese produto intermedio entre o macho e o castrado ao que se cualifica de feminino. Unicamente a mediación doutro pode constituír un individuo como un Outro».

S. de Beauvoir, *O segundo sexo*.

- 1 Comenta a negación inicial deste texto escrito por Simone de Beauvoir: Non «se nace muller: chégase a selo». Que crees que quere transmitir a súa autora con ela?
- 2 Que significa a expresión coa que finaliza o texto: «Unicamente a mediación doutro pode constituír un individuo como un Outro»? Quen constituíe a quen? Quen é o «Outro»?

Actividades

- 1 Explica a diferenza entre sexo e xénero.
- 2 Na linguaxe cotiá existen moitas expresións nas que se reproduce a diferenza sexista entre homes e mulleres. Cres que é importante corrixilas? Ocorrésече algún exemplo de expresións sexistas?
- 3 **Mesa redonda.** En que aspectos considerades que é preciso defender a igualdade entre o home e a muller, e en que outros aspectos é necesario defender a súa diferenza? Intercambiade as vosas opinións en clase sobre este asunto.

O problema da identidade persoal

4.1. Suxeito, individuo e persoa

Unha das características da **conciencia** é a de ser un principio de identificación, porque a conciencia é, para cada persoa, o seu eu ou a súa condición de suxeito.

A palabra «suxeito» vén do latín *subiectum*, que significa 'o que subxace debaixo'; polo tanto, o **suxeito** é o que subsiste no individuo ao longo da súa evolución no tempo e dos seus cambios.

Pero isto que subsiste é só a memoria de que no pasado, ata onde alcanzan os nosos recordos e a conciencia que acompañou o noso existir, sempre fomos os que agora somos. Esta é a base da **identidade** e non o feito de que consistamos nunha esencia individual eterna e inalterable.

A xénese do concepto de suxeito

No século XVII, Descartes, iniciador da **filosofía racionalista**, concibiu o **eu** como unha **substancia pensante** (*res cogitans*) e, polo tanto, autónoma e permanente.

Esta concepción do eu pronto foi criticada na **filosofía empirista**; en concreto, por Locke e por Hume. Segundo eles, o **eu** non é máis que a **conciencia pasaxeira dun conxunto de sensacións**.

Kant tratou de resolver esta polémica entre racionalistas e empiristas mediante a distinción entre un eu empírico ou fenoménico e un eu intelixible ou nouménico:

- O **eu empírico** é o que podemos captar coa nosa conciencia e mediante a nosa experiencia empírica.
- O **eu nouménico** é aquel cuxa existencia deduce a razón práctica como esixencia ou como condición para o exercicio da liberdade e da moral.

Segundo Kant, este **suxeito intelixible ou nouménico** é permanente, o fundamento da propia singularidade e da identidade persoal, e o principio da autonomía, da inviolabilidade e da dignidade humanas.

Glosario

Persoa: etimoloxicamente, «persoa» significa 'máscara' ou 'personaxe', e no pasado servía para referirse ao papel que interpretaba un individuo na sociedade. O concepto de persoa ten actualmente un sentido moral e xurídico, pois con el referímonos tamén a un suxeito que goza de dereitos e de deberes en igualdade con outros individuos. Este concepto ten un sentido forte, xa que se lle pode atribuír tamén un carácter metafísico ou relixioso máis complexo que a outros conceptos, como o de individuo ou como o de suxeito.

Individuo e persoa

Comprendendo así a nosa identidade, é posible conciliar na nosa personalidade o individual e o colectivo.

A palabra «individuo», aplicable a cada ser humano, significa etimoloxicamente 'o que non pode ser dividido ou descomposto sen perder a súa natureza identificable'; polo tanto, **individuo** designa a nosa orixinalidade e a nosa particularidade como seres únicos, e é ad que socialmente se refire o noso nome, os nosos apelidos e o número do noso DNI.

Nese sentido, cada individuo é unha personalidade única formada pola síntese dos seus factores hereditarios e aprendidos, e que determina os seus comportamentos e as súas decisións.

Pola súa banda, a palabra «persoa», que tamén se nos aplica para definirnos, significa etimoloxicamente máscara de teatro ou 'personaxe', e empregábase antigamente para referirse ao papel que cada membro da sociedade representa nela.

Actualmente, a palabra «persoa» ten, máis ben, un sentido moral e xurídico, pois ser **persoa** é ser suxeito de dereitos en igualdade coas demais persoas.

A identidade xurídica e moral das persoas constrúese, así, sobre a base da universalidade: os mesmos dereitos e os mesmos deberes xurídicos e morais para todas.

Ese carácter universal da identidade pode e debe ser compatible co feito de que cada persoa teña a súa personalidade individual, con todo o que a diferencia das demais: o seu corpo, a súa biografía, as súas opinións, os seus gustos e as súas preferencias. Esta identidade psicolóxica constrúese, entón, na dimensión da singularidade.

Textualmente

«Estar en posesión do eu na súa representación: este poder eleva o ser humano infinitamente por enriba de todos os seres vivos sobre a terra. Por el é unha persoa; e grazas á unidade da conciencia en todos os cambios que poden sobrevirle é unha mesma e única persoa, é dicir, é un ser enteiramente diferente (polo seu rango e dignidade) de cousas como os animais irracionais, dos que se pode dispoñer como se queira. E isto mesmo cando non pode dicir aínda "eu". Hai que subliñar que o neno que xa sabe falar non empeza senón moi tarde a dicir "eu". Antes fala de si mesmo en terceira persoa (Carlos quere comer, quere xogar, etc.). E parece que unha nova luz aparece cando empeza a dicir "eu". Pois antes só se *sentía* e a partir de agora *pénsase*».

I. Kant. *Antropoloxía desde o punto de vista pragmático*. I, § 1.

1 Como define Kant a persoa?

2 Que garante a unidade da conciencia?

4.2 O proxecto de vida

A diferenza dos demais animais, os seres humanos non estamos determinados a ser toda a vida o que somos ao nacer, senón que **debemos planificar, desenvolver e construír a nosa existencia** decidindo o que queremos realizar.

Isto é así porque a nosa existencia discorre sobre o eixe do tempo: o noso presente enriquecese co que nos transmitiron desde o pasado os que nos precederon e proxéctase no futuro cara ao que queremos conquistar. O tempo é, pois, a dimensión na que se ha de realizar o proxecto da nosa vida.

Que o ser humano necesita realizar o seu proxecto de vida significa que a existencia humana non é un simple vivir, ou sexa, facer o percorrido, durante un tempo determinado, do nacemento á morte, como fan os demais animais.

Para o ser humano, **existir** é habitar o tempo, ter conciencia de vivir e buscarlle un sentido á vida; ou sexa, é ter que inventar a propia existencia. O ser humano será o que poida e queira facer de si mesmo e coa súa vida.

Este proxectarse só se pode facer dentro duns límites, que son as condicións físicas, sociais e culturais que o individuo non pode modificar.

Segundo o **existencialismo**, o proxecto de vida non é meramente un plan, aquilo cara ao que o ser humano tende, senón que **constitúe o seu verdadeiro ser**, porque o ser humano non é unha esencia feita e estable, senón que ten que facerse,

Textualmente

«Podemos dicir que o individuo construíu en si un ideal co que comparar o seu eu actual. Esta forma dun ideal sería, por parte do eu, a condición da represión. A este eu ideal dirixese agora o amor por si do que o eu efectivo gozaba na nenez. O narcisismo parece desprazado sobre este novo eu ideal que se encontra, como o eu infantil, cheo de todas as perfeccións. Incapaz de renunciar á antiga satisfacción, á perfección narcisista da súa nenez; intenta reconquistala na súa nova forma de ideal do eu. Aquilo que proxecta ante si como o seu ideal é a substitución do perdido narcisismo da súa infancia, o tempo en que el mesmo era o seu propio ideal.»

S. Freud. *Introdución á psicanálise*, II.

- 1 Sinala as razóns polas que Freud considera que o ideal moral non sería outra cousa que o narcisismo primario da infancia ou do ser humano primitivo.
- 2 Comenta a idea freudiana segundo a cal os modelos morais de realización do eu son modos de desprazar a perfección narcisista perdida da nenez sobre unha nova figura.

pois é o que o individuo faga de si mesmo. Para Martin Heidegger, a única esencia do ser humano consiste en ser un «ser posible». Este poder ser vertebrado a temporalidade.

Jean-Paul Sartre engade que o proxecto aparece como a conciencia da liberdade para cambiar o noso proxecto unha e outra vez, co risco e coa angustia continuos da ameaza do fracaso.

En suma, no proxecto de vida proxéctase a posibilidade mesma en tanto que **posibilidade de ser un mesmo**. O carácter aberto do proxecto, o seu permanente inacabamento, só ten un límite, sempre anticipado: a morte. Por iso, Heidegger di que o ser humano é un «ser-para-a-morte».

Continuamente temos que proxectar, pois, o noso modo de ser e de vivir; temos que anticipar as posibilidades cara ás que imos orientar a nosa vida, ordenar a nosa actividade futura e tratar de ir facendo real o noso proxecto de vida no marco da nosa convivencia cos demais seres humanos, que tamén teñen que realizar cada un o seu. Hanse de conxugar, polo tanto, no propio proxecto de vida, as nosas dimensións persoal e colectiva.

A filosofía en persoa



Martin Heidegger (1889-1976) foi un filósofo alemán que, nun primeiro momento, inspirou o existencialismo pola súa doutrina sobre a finitude e sobre a temporalidade da existencia humana como «ser-para-a-morte». Na súa segunda etapa recupera a noción da filosofía como a ciencia do ser e elabora os fundamentos dunha concepción da linguaxe como ontoloxía hermenéutica.

Actividades

- 1 **O espello.** Compara os conceptos de suxeito, de individuo e de persoa.
- 2 Que é o que outorga ao ser humano a súa dignidade como persoa?
- 3 Que lugar ocupan as outras persoas na construción do noso proxecto de vida?
- 4 Reflexiona sobre os teus obxectivos persoais e profesionais cando remates o Bacharelato. Cal é o teu proxecto de vida?

Descubro o que aprendín



- 1 Como se diferencian as distintas clases de afectos? Sinala cun V (verdadeiro) ou cun F (falso) as seguintes definicións e corrixe as erróneas.
 - a) As paixóns son estados afectivos de carácter máis ben pasaxeiro e de grande intensidade. Por exemplo, a simpatía, o cariño, a compaixón, etc.
 - b) As emocións son estados afectivos moito máis pasaxeiros aínda e caracterízanse por aparecer pouco a pouco e por ser menos intensos que os sentimentos. Por exemplo, a cólera, a angustia, o terror, a ansiedade, etc.
 - c) Os sentimentos parécense ás paixóns pola súa intensidade e pola súa violencia, e ás emocións porque son duradeiros. Son sentimentos o odio, os celos, a paixón amorosa, etc.
- 2 Relaciona cada función cognitiva e a actividade que lle é propia: (1) percepción, (2) abstracción, (3) conceptualización e (4) intelixencia.
 - a) Operación do entendemento pola que separa, das percepcións sensoriais, unha característica esencial ou concreta.
 - b) Conxunto de capacidades ou de aptitudes de tipo superior coas que o ser humano se adapta ao seu medio.
 - c) Capacidade coa que, a través dos sentidos, captamos os estímulos que nos afectan como significando algo.
 - d) Formación de signos dos obxectos ou de referencias semánticas a un conxunto de notas comúns ás realidades significadas neles.
- 3 Explica por que razóns a condición humana de ser desexante nunca se satisfai completamente.
- 4 Explica que son a conciencia e o inconsciente, e a relación entre eles segundo a describe Freud.

«A nosa cotiá experiencia persoal móstranos ocorrencias cuxa orixe descoñecemos e conclusións intelectuais cuxa elaboración ignoramos. Todos estes actos conscientes resultarán faltos de sentido e coherencia se mantemos a teoría de que a totalidade dos nosos actos psíquicos ha de ser nos dada a coñecer pola nosa conciencia e, en cambio, quedarán ordenados dentro dun conxunto coherente e intelixible se interpolamos entre eles os actos inconscientes que inferimos. Esta ganancia de sentido constitúe, de por si, motivo xustificicado para traspasar os límites da experiencia directa».

S. Freud, Metapsicoloxía. O inconsciente.
- 5 Cal é a relación entre o principio do pracer e o principio de realidade na determinación do comportamento humano, segundo a teoría freudiana?
- 6 Explica a oposición freudiana entre *eros* e *tánatos*.
- 7 Relaciona cada unha das instancias da personalidade humana que distingue Freud coa función que desempeña: (1) iso, (2) supereu e (3) eu.
 - a) É o conxunto de normas e de prescricións sociais e morais que interiorizamos durante a infancia no proceso da nosa educación.
 - b) É a conciencia, que activa o xuízo e a decisión voluntaria para actuar como árbitro consciente e racional na loita entre as outras instancias da nosa personalidade.
 - c) É o inconsciente como ámbito dos impulsos primarios, sexuais (*eros*) e agresivos (*tánatos*), que buscan a satisfacción inmediata e incondicional.
- 8 Explica como inflúen os factores culturais na modulación das manifestacións da conduta sexual humana.
- 9 Explica a diferente influencia dos procesos de sublimación e de idealización nas manifestacións da conduta sexual humana segundo Freud.

«A sublimación é un proceso que atinxe á libido obxectal e consiste en que a pulsión se dirixe a un fin afastado da satisfacción sexual. O acento ponse aquí na desviación que afasta do fin sexual. Non é o mesmo que a idealización, que é un proceso que atinxe ao obxecto, engrandéceo e exáltao psiquicamente sen que cambie a súa natureza. A idealización pode realizarse tanto no dominio da libido do eu como no da libido do obxecto. Por exemplo, a sobreestimación sexual do obxecto consiste en idealizalo. Así, na medida que sublimación designa un proceso relativo á pulsión, e idealización un proceso relativo ao obxecto, debemos manter ambos os dous conceptos separados un do outro».

S. Freud, Introducción á psicanálise, III.
- 10 Cal dos seguintes non é un obxectivo que persigan os estudos de xénero en filosofía?
 - a) Fomentar nas mulleres a razón e as mesmas capacidades que nos homes.
 - b) Recoñecer as inxustizas que sofren as mulleres.
 - c) Abolir a diferenza sexual entre muller e home.
 - d) Construír un modelo ideal de ser humano que supere o tradicional.